



Ola a todas e todos!

Como queda a parroquia de Carreira no orzamento que ven de aprobar en xuño o Concello para este 2014?, pois do seguinte xeito:

Hai tres investimentos principais:

- 1 - Instalación da rede de saneamento e pozo de bombeo na aldea de Frións: **29.555 €** (canon financiamento Viaqua).
- 2 - Acondicionamento da Ruta de Sendeirismo Circular en Carreira: **26.306 €**.
- 3 - Melloras no entorno da Capela da Guía: **106.563 €**. Esta obra estaba no POS da Deputación no exercicio anterior mais non se puido facer por retraso na tramitación dos permisos da Igrexa. Os cartos foron para outra obra. Agora está orzamentada con fondos propios do Concello (préstamo).

Hai outro proxecto: "Ribeira: Entornos saudábeis" - LEADER (Parque Periurbán - Pedra da Rá), cun investimento de **375.000 €** que toca algo a nosa parroquia (o concelleiro de Artes di que non).

Outras cousas:

O novo Centro Social de Carreira; o novo obradoiro de traballo (compartido con outros concellos da Barbanza), na parte de Ribeira vai a facer as beirarrúas da Avda.da Coruña... e non hai nada no orzamento para continuar a obra. Haberá que pelexar para rematala...

Beirarrúas dende Vixán ao miradoiro do Parque Natural farase a marxe esquerda até a curva ( do tipo das que hai do hospital a Oliveira). Nós seguiremos a reclamala toda.

Camiño da Fonte de Vixán non se vai a botar formigón, senón que levará zahorra compactada.

Saneamento do Vilar, despois da solicitude que fixemos aceleráronse os traballos e están a piques de rematar. (O construtor dicía que non lle pagaban).

Paso de peóns da farmacia, colector de papel no colexio, e estrada de Carreira até Vixán teremos que seguir insistindo nas beirarrúas e no aglomerado...

Saúdos.